



Consello de Galiza

Presidencia

Señor
Don César Alvajar
78 rue d'Assas
PARIS - 6a.

Bós Aires, 2 de Marzal do 1.953.-

Meu bó amigo e irmán :-

Fai moito tempo que pensaba escribirlle, enantes xa da desaparición do irmán Somoza; realmente estou con vostede en grave pecado de des-
cortesía, mais espero que ha de perdoar en gracia a comunidade de ideais patrió-
ticas.-

Os asuntos de exterior temol-os un pouco postergados, pro
as circunstancias atuais aconsellan adicarlles de novo a debida atención. Can-
do o ingreso de Franco na Unesco, diriximos directamente o telegrama que vostede
coñece; no mesmo senso dirixímonos tamén as delegacións que votaron escontra. Non
lle mandei unha carta, a seguido, porque dubidaba da súa dirección, inda que o
non vir o telegrama de volta, supuxen que estaba ben.- Encargueille ao irmán Abrai-
ra que lle escribise unha carta, que non sei si vostede recibiu, pra ratificar a
sua residencia.-


Eiquí seguimos a traballar a reo, con moi bons resultados.
A nosa coletividade responde pleamente, cáseque sin esceicións.- Fanse aitos ga-
legos, conferencias, esposicións de libros en galego, pintura, editanse libros,

///

e de betra. Proisimamente vai a saír unha enciclopedia galega, da que é autor o gran galego falecido antre nós, Francisco Lanza, moi intresante; en canto vexa a lus, iste Consello dará orde de que se lle remese. Crec que lle ha de ser moi util no seu traballo editorial, tendo en conta que e o primeiro traballo galego que aparecerá de ista materia, feito d'unha maneira conscente.- Tamén teremos moito gosto en ordear que lle sexan reme sado todo canto se leva publicado dendes fai catro anos acá, que é moito, e que penso ha de serlle igoalmente valioso.-

Non tiven tempo inda a dar conta aos demais compañeiros da súa carta; fareino en xuntanza próxima. Consideraremos detidamente a laboura a desenrolar ehi, a lus tamén dos acontecementos acaecidos na nosa Terra, dos que estamos informados directamente.-

Pendente das suas gradas noticias, comprázome en testemuñarlle de novo as seguranzas da miña sinxela e outa consideración,



Antón Alonso Ríos